


Nome.....

SUMA 10. TODAS AS PREGUNTAS VALEN 2 PUNTOS

1. **2p** Unha xeneración **P** de chícharos **amarelos lisos**, crúzase cuns **verdes rugosos**. Pon Fenotipos e xenotipos a todo. Na cor da semente traballar ca letra A (amarelo) e na forma da semente traballar ca letra L (liso)
 - a. Proporcións fenotípicas e xenotípicas da 1ª xeneración filial
 - b. Proporcións xenotípicas e fenotípicas da 2ª xeneración filial.
 - c. Di e explica un pouco que di a 1ª, 2ª e 3ª leis de Mendel. Sinala no problema onde o como se cumpren.
2. **1p** Pon en letra os fenotipos do seguinte árbore xenealóxico. Pon tamén os xenotipos de todos os individuos. (Daltonismo)



3. **3p** Un varón **A+ daltónico e de ollos oscuros** reclama a paternidade dun neno **O + dáltónico ollos claros**. Se a nai é **B – non daltónica de ollos oscuros**. (Pon Fenotipos e xenotipos a todo. Pon sos xenes alelos e relación entre alelos dos xenes: para cor de ollos utiliza a letra C (oscuros) c (claros).)
 - a. Pode ser o seu fillo?
 - b. Quen lle deu o alelo de daltonismo?
 - c. Que precaucións debe ter esa nai para ela e para o seu fillo (no parto)
 - d. Gametos que pode producir o neno.
 - e. Que outro fillo (Fenotipo e xenotipo) podería ter esta parella

4. **2p** A hemofilia débese a un alelo recesivo localizado no cromosoma X. Unha parella formada por un home non hemofílico e unha muller normal cuio pai foi hemofílico, ten varios fillos e varias fillas. (con árbore xenealóxico)
- Representa os xenotipos dos avós maternos, dos pais, dos fillos varóns e das fillas.
 - É posible que algunha das fillas da parella sufra a hemofilia? E que a sufra algún fillo varón?
 - Pode algunha das fillas ser portadora da enfermidade? E algún dos fillos?. Xustifica tódalas respostas.
5. **2p** A ausencia de moas na especie humana débese a un xene dominante autosómico. Unha parella ambos sen moas, teñen unha filla con moas. Indica os fenotipos e xenotipos de todos os membros desta familia.
- Cal é a proporción de heterocigotos?
 - Que probabilidade hai de que teñan outro descendente con moas?